



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRMONIAL NON TRIBUTARIA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COMEDOR ESCOLAR E DE MADRUGADORES NO COLEXIO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

EXPEDIENTE: 2025/G013/000002

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E DE MADRUGADORES NO COLEXIO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN, está actualmente en vigor, tras a súa publicación definitiva no BOP Nº 127 de 06/07/2022.

SEGUNDO. Este concello entende que é preciso derogar a ordenanza actual e aprobar unha nova debido a que a contraprestación económica xa non debe ter carácter de prezo público, en adaptación á modificación normativa introducida pola Lei 9/2017, e en coincidencia coa próxima adxudicación do novo contrato do servizo de xestión do comedor escolar do centro. A nova ordenanza denominarase ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRMONIAL NON TRIBUTARIA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COMEDOR ESCOLAR E DE MADRUGADORES NO COLEXIO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN, e xa non terá o carácter de ordenanza fiscal.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRMONIAL NON TRIBUTARIA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COMEDOR ESCOLAR E DE MADRUGADORES NO COLEXIO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN, solicítase a opinión dos cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, potencialmente afectados pola futura norma, que fagan chegar a súas opinións sobre os seguintes aspectos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, que consisten na adecuación da contraprestación económica ao réxime xurídico adecuado.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación, que ven dada pola vindeira adxudicación do novo contrato administrativo do servizo de comedor.
- c) Os obxectivos da norma, que busca adaptar o pago polo servizo ao custo do mesmo.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

O prazo para a presentación será de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse: a) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1.; b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza; c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro; d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros; e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes).

Betanzos, na data que figura na marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

O Secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).